

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN E TRÁMITE DE URXENCIA, PARA COBERTURA TEMPORAL (PERSONAL LABORAL TEMPORAL) DUNHA PRAZA DO POSTO DE TÉCNICO/A DE TURISMO DO CONCELLO DE ARTEIXO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases a aprobación da convocatoria do proceso selectivo e normas que rexirán no proceso de selección temporal, polo sistema de concurso-oposición, con carácter de urxencia, dun/ha técnica/o de turismo.

A relación laboral formalizarase mediante un contrato de traballo de carácter temporal por obra ou servizo determinado, con xornada completa e duración determinada dende a data da contratación efectiva ata o 31 de decembro de 2019, ao derivar dunha contratación temporal supedita á subvención concedida a tal efecto pola deputación provincial de A Coruña. Non obstante, elaborárase unha Bolsa de traballo, listaxe segundo de prelación das cualificacións finais dos/as aspirantes para situacións de baixas, renuncias e vacantes similares para contratacións temporais de técnicos de turismo. O funcionamento desta listaxe estará limitada temporalmente a 3 anos máximo, a contar dende a primeira das contratacións temporais efectuadas.

A convocatoria e as bases da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org), e anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDA: REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de expiración do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

2.1. Nacionalidade. Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

- a) Ser español/a.
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexa o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinteún anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.
- d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

- 2.2. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data límite de presentación de instancias, dalgún dos seguintes títulos:
- Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
 - Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
 - Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
 - Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
 - Grao ou licenciatura en Humanidades.
 - Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
 - Grao ou licenciatura en Historia.
- 2.3. Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.
- 2.4. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia que se achega ás presentes bases). As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo e sinalaran na instancia se precisan adaptacións para a realización das probas especificando tales adaptacións.
- 2.5. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia que se achega ás presentes bases).

TERCEIRA: INSTANCIAS

- 3.1. Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente, segundo o modelo do anexo, que se facilitará na páxina web do Concello (www.arteixo.org).
- 3.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá presentar copia da seguinte documentación:
- Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
 - Título ou acreditación do requisito de titulación.
 - Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, e fotocopia dos documentos xustificativos. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias (base 6.1).
 - Memoria
 - Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (tesourería) ou certificado do Servizo Público de Emprego (INEM) polo que se acredite a exención do pagamento de taxas por situación de desempregado de longa duración doce meses consecutivos inscrito como demandante de emprego (de conformidade ao establecido na ordenanza fiscal nº 11). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.
- Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a

tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a ordenanza fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en 30,20 €, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a no proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é, únicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

- 3.3. O prazo para a presentación das solicitudes será de **dez días naturais**, dende o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
- 3.4. A presentación de instancias poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Arteixo ou en calquera das formas establecidas no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O horario do Rexistro Xeral do Concello de Arteixo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.
- 3.5. Dado o carácter urgente da convocatoria, os/as aspirantes que presenten a instancia por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Arteixo, deberán remitir unha copia sellada da instancia ben por vía mail (persoal@arteixo.org) ou vía fax (número 981 60 24 17).

CUARTA: ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES

- 4.1. Listaxe provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se declarará aprobada a listaxe provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixeiro.org).
- 4.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da listaxe provisional de admitidos/as e excluído/ass no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixeiro.org), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión, no caso de proceder enmeda ou subsanación. Dado o carácter urgente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo, debe ser comunicada vía mail (persoal@arteixo.org) ou vía fax (número 981 60 24 17). De non existir aspirantes excluídos/as ou sendo inviable a subsanación por non reunir os requisitos establecidos para participar na selección, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional.
- 4.3. Listaxe definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixeiro.org).

QUINTA: TRIBUNAL DE SELECCIÓN

- 5.1. O Tribunal de selección estará composta polos seguintes membros:
 - Presidente (titular e suplente): funcionario/a dos grupos A1/A2, preferentemente da Administración Local
 - Secretario (titular e suplente), quen actuará con voz e voto: o/a funcionario/a que ocupe o posto de Secretario Xeral do Concello de Arteixo (titular) e/ou funcionario/a en que delegue (suplente)

- Vogais (3 titulares e 3 suplentes): funcionario/a dos grupos A1/A2 ou persoal laboral fixo grupos I-A1/II-A2, preferentemente de ámbito competencial relacionado co posto convocado.
- 5.2. A composición nominativa do Tribunal (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, respectando o principio de paridade e idoneidade técnica dos seus membros.
- 5.3. Os membros do Tribunal terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao Alcalde ou Concelleiro delegado, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.
O Alcalde ou Concelleiro delegado poderá solicitar dos membros do Tribunal declaración expresa de non atoparse incurso na obriga de abstención regulada nesta base.
Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta bases.
- 5.4. O Tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do presidente, o secretario e un vogal. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente.
- 5.5. Todos os membros do Tribunal de selección terán voz e voto. O Tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA: PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición, sendo que a fase de oposición será previa á de concurso, é unicamente pasarán á fase de concurso, os/as aspirantes aptos/a na oposición.

6.1.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 15 puntos): de carácter obrigatoria e eliminatória.

1º EXERCICIO: exame tipo test (carácter obrigatorio e eliminatorio máximo 15 puntos)

Consistirá nun exame escrito de 50 preguntas tipo test (mais 5 preguntas de reserva), con 4 respostas alternativas sendo unicamente una delas correcta. As preguntas que conforman o exame estarán relacionadas co temario anexo á presente convocatoria (anexo II). Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos, e cada erro descontará 0,10 puntos. O tempo máximo de realización do test será de 60 minutos.

Dado o carácter eliminatorio deste exercicio, será preciso acadar 7 puntos, para superar este exercicio.

2º EXERCICIO: exame lingua galega (carácter eliminatorio)

Proba dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e/ou escriben correctamente o galego. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Aos/ás aspirantes que acrediten, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de “apto”, para o que se lles esixirá o título Celga IV ou equivalente (perfeccionamento) de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), artigo 2.4.

No suposto de non estar exentos/as deste exercicio, os/as aspirantes deberán obrigatoriamente realizar unha proba que consistirá nunha tradución escrita inmediata dun texto facilitado polo Tribunal en lingua castelá, á lingua galega, e que será cualificada como apto/non apto. Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico. A duración máxima deste exercicio será de 30 minutos.

6.2 .- FASE DE CONCURSO (máximo 10 puntos), correspondente ao 40% da puntuación total do proceso selectivo. A fase de concurso rexirase conforme ao seguinte **baremo**:

6.2.1. Cursos de especialización, en centros oficiais ou homologados, relacionados co sector turístico (ata un máximo de 2,5 puntos):

- Máster ou posgraio:..... 0,50 puntos.
- Cursos de 100 horas ou máis:.....0,30 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas:0,20 puntos.
- Cursos de 20 a 49 horas:.....0,10 puntos.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

6.2.2. Pola posesión do carné de Guía Turístico Especializado de Galicia: 1 punto.

6.2.3. Experiencia profesional como técnico/a de turismo (ata un máximo de 5 puntos):

- Na Administración Pública: 0,20 puntos por cada mes completo.
- Na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo.

6.2.4. Idiomas (ata o máximo de 1,5 puntos e únicamente se valorará o de maior nivel)

- Idioma galego: sendo requisito o Celga IV, valorarase o Curso de linguaxe administrativa nivel medio con 0,25 puntos e o de nivel superior con 0,5 puntos
- Outros idiomas: valorarase o coñecemento de outros idiomas relacionados co posto de traballo impartidos e/ou homologados por centros oficiais, Universidades e Administracións Públicas e segundo o marco europeo das linguas: A1: 0,15 puntos; A2: 0,30 puntos; B1: 0,45 puntos; B2: 0,60 puntos; C1: 0,85 puntos e C2: 1 punto

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Experiencia na administración pública: certificado de servizos prestados emitidos pola administración correspondente.
- Experiencia na empresa privada: informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo e/ ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

SÉTIMA: RELACIÓN DE APROBADOS

7.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. O Tribunal publicará no taboleiro de edictos

e na paxina web do Concello (www.arteixeiro.org) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; maior puntuación no apartado posesión do carné de guía turístico especializado de Galicia; maior puntuación no apartado cursos de especialización relacionados con sector turístico. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

7.2. O/a aspirante coa maior puntuación sera o proposto/a para contratación, establecéndose unha Bolsa de traballo, listaxe segundo de prelación das cualificacións finais dos/as aspirantes, para situacións de baixas, renuncias e vacantes similares para contratacións temporais de técnicos de turismo. O funcionamento desta listaxe estará limitada temporalmente a 3 anos máximo, a contar dende a primeira das contratacións temporais efectuadas.

OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONTRATACIÓN

8.1. O/a candidato/ha seleccionado/a proposto/a a contratación, terá que presentar no departamento de Persol do Concello de Arteixo, dentro dos dez días naturais a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, toda a documentación requerida para poder ser contratado como persoal laboral temporal entre outra os orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa do requisito de titulación e dos méritos alegados.

8.2. O/a candidato/a seleccionada/o será contratada/o previa resolución do Alcalde ou Concelleiro/a delegado.

8.3. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que o/a aspirante proposto/a a contratación, carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na solicitude inicial.

8.4. No caso de que a/o candidata/o seleccionada/o non poda ser contratada/o por non ter presentado a documentación requerida, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro aspirante, seguindo a orde de prelación de cualificacións finais da Bolsa de traballo, listaxe segundo orde de prelación de aspirantes publicada polo Tribunal de selección na paxina web do Concello (www.arteixeiro.org). Igualmente, no suposto de existir outras subvencións similares para contratación de técnicos de turismo, utilizarase a Bolsa de traballo, listaxe segundo prelación, ate un máximo de 3 anos, dende a primeira das contratacións. O funcionamento desta Bolsa rexirase polo establecido con carácter xeral para as bolsas de substitucións e contratacións/nomeamentos de carácter temporal do Concello de Arteixo, sendo que os/as aspirantes permanecerán na mesma posición na listaxe no caso de que sendo contratados/as a duración do contrato sexa inferior ao tempo establecido para xerar dereito de subsidio de desemprego. Ase mesmo, se por causa xustificada renunciase a

una oferta temporal unha primeira vez, manterá a posición na listaxe, sendo que o segundo rexeitamento situará ao aspirantes na derradeira posición da lista e un terceiro rexeitamento suporá a eliminación da mesma. Considerarse causa xustificada de rexeitamento dunha oferta laboral, atoparse en activo noutra Administración, entidade pública ou empresa privada, así como a situación de baixa médica incapacitante e/ou disfrute de permiso de maternidade, ou paternidade.

NOVENA: BASE FINAL

Esta convocatoria e Bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven da mesma, así coma as actuacións do Tribunal en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos/as interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do proceso selectivo naqueles aspectos previstos ou non, nestas Bases, sendo aplicable para o non previsto na presente convocatoria o RD 364/1995, de 10 de marzo, RDL 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do EBEP, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, RD 896/1991 e demais normas concordantes de conformidade ao marco legal e normativo en vixencia.

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

D/D^a con DNI núm.:.....
con enderezo.....C.P..... Localidade.....
e teléfono de contacto e e-mail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do proceso selectivo para contratación laboral temporal do posto de

TÉCNICO/A DE TURISMO (Grupo II- A2)

e declarando explícitamente coñecer e aceptar as bases reguladoras da convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da base 2^a (base 2.4: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible do desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo e sinalaran na instancia se precisan adaptacións para realización das probas, e base 2.5: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme).

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cun **X**)

- DNI (copia)
- Titulación de acceso (copia) e CelgaIV (de ser o caso)
- Relación dos méritos e fotocopia dos documentos xustificativos
- Taxas dereito exame (copia, certificación de desemprego de longa duración ou certificado de minusvalía)

SOLICITA:

Sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Arteixo

ANEXO II

Temario para o 1º exercicio da Fase de oposición: EXAME TIPO TEST

1. Constitución española. Estructura. Principios xerais.
2. A Corona, o Rei e o refrendo.
3. A organización territorial do Estado.
4. Cámaras lexislativas. Competencias e réxime de funcionamento.
5. Dereitos e deberes dos cidadáns.
6. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Principios xerais.
8. O acto administrativo, elementos constitutivos, requisitos e eficacia do acto.
9. A revisión de oficio. A nulidade e anulabilidade do acto administrativo.
10. Lei 39/2015: iniciación, instrución e finalización do procedemento administrativo.
11. Lei 39/2015, de 1 de outubro: recursos administrativos.
12. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: órganos administrativos e órganos consultivos das distintas Administracións Públicas.
13. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local.
14. Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprueba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
15. Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostenibilidade da Administración Local, de modificación da Lei de Bases.
16. Competencias municipais dos Concellos de mais de 30.000 habitantes: competencias propias, impropias e delegación competencial.
17. Competencias da Alcaldía-Presidencia nas entidades locais. A delegación competencial e a avocación.
18. Competencias do Pleno da Corporación.
19. Competencias da Xunta de Goberno local e dos demais órganos colexiados nas entidades locais.
20. A delegación e a avocación competencial nas entidades locais.
21. Estructura do Orzamento municipal .Procedemento de aprobación e modificación do Orzamento municipal.
22. Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Tipoloxía de persoal e dereitos e deberes do persoal público.
23. Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Situacións administrativas, permisos e licenzas do persoal público.
24. Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Personal ao Servizo das Administracións Públicas.
25. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
26. Marco legal e principios xerais da Protección de Datos de Carácter Personal na Administración Pública.
27. A prevención de riscos laborais: marco legal na Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e desenvolvemento normativo da devandita prevención. Dereitos e obrigas dos traballadores.

28. Contextualización do turismo: definición, elementos, evolución e valoración da actividade turística.
29. Identificación das tipoloxías turísticas e as súas tendencias. Especial referencia ao Turismo Industrial.
30. Análise da oferta turística: elementos e estrutura. O núcleo turístico.
31. Caracterización da demanda turística: factores, clasificación dos clientes, motivacións e tendencias actuais.
32. Caracterización do marketing turístico e aplicación ao mesmo das novas tecnoloxías.
33. Planificación de eventos: xestión documental e métodos de supervisión.
34. O termo municipal de Arteixo: características demográficas, poboacionais e económicas do termo municipal.
35. Planificación da información turística no municipio de Arteixo.
36. Normativa estatal e autonómica en materia de turismo.
37. Patrimonio histórico, cultural, relixioso, natural, industrial e etnográfico de Arteixo.
38. Festas e eventos do municipio de Arteixo.
39. Aloxamentos turísticos e hostalería no municipio: características, capacidade hotelera e tipoloxía hostalería.
40. A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Réxime de protección e conservación.
41. A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Os bens catalogados. Os bens culturais específicos.
42. O Concello de Arteixo. Historia antiga, medieval, moderna e contemporánea.
43. O turismo de Arteixo en internet. A web oficial. As redes sociais do Concello de Arteixo.
44. Marketing e estratexias de promoción de destinos orientados á xestión turística municipal.
45. Novas tecnoloxías aplicadas ao turismo.
46. Principais eventos gastronómicos en Arteixo e a súa evolución. Produtos gastronómicos e as súas singularidades. Oferta e temporalidade.
47. Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia. Organización e competencias da Administración galega.
48. Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia. Recursos, organización e calidade turística.
49. A declaración de municipios turísticos. Servizos mínimos dos municipios turísticos. Efectos da declaración de municipio turístico. Perda da condición de municipio turístico.
50. A declaración de festas turísticas. Requisitos, efectos e vixencia da declaración. Procedemento de declaración. Perda da condición.
51. Preparación e organización de feiras, congresos, conferencias e xornadas turísticas. Especial referencia a actividade provincial na promoción e asistencia a eventos.
52. Interpretación do patrimonio natural de Arteixo: os arenais do termo municipal.
53. Interpretación do patrimonio relixioso de Arteixo: as igrexias do termo municipal
54. Castros e mamoaos no termo municipal de Arteixo.
55. Áreas recreativas no termo municipal de Arteixo.
56. A cercanía da cidade de A Coruña como elemento potenciador do turismo de Arteixo.
57. Recursos naturais da provincia da Coruña. Parques Naturais, reserva da biosfera e zonas de especial conservación natural. Figuras de protección do patrimonio natural. Lexislación para a conservación e protección. Rede Natura.

58. Os xeoparques e o xeoturismo. Normativa. Principais recursos xeolóxicos da provincia da Coruña. O procedemento de adhesión a Unesco.
59. Dinamización do turismo local en Arteixo. Especial referencia ás actividades municipais educativas, medioambientais, deportivas e culturais como elemento dinamizador.
60. Estatística aplicada ao turismo.